

A Comisión de Selección do proceso selectivo para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación con destino no Centro de Investigacións Mariñas (2 efectivos), en Corón-Vilanova de Arousa, convocado por resolución desta Secretaría Xeral Técnica, do 16 de xuño de 2026 (DOG núm. 119, do 29 de xuño), acordou, segundo a base décimo sétima da convocatoria do proceso de selección, propor a esta Secretaría Xeral Técnica as persoas candidatas seleccionadas no dito proceso, unha vez publicadas as listas definitivas coas puntuacións obtidas polas persoas admitidas ao mesmo.

Revisado o proceso e a proposta da Comisión de Selección, esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria,

ACORDA

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación con destino no Centro de Investigacións Mariñas (2 efectivos), en Corón-Vilanova de Arousa, convocado por resolución desta Secretaría Xeral Técnica, do 16 de xuño de 2026 (DOG núm. 119, do 29 de xuño) nos seguintes termos:

- Seleccionar a **Anxo TÚÑEZ MEIS, NIF ***6342****, para o **Posto 1** (Persoal investigador predoutoral en formación na área de acuicultura. Cultivo de fitoplancto e cultivo de moluscos bivalvos. Sistemas de acuicultura en criadeiro e no medio natural), por ser a persoa coa maior puntuación no proceso selectivo para o dito posto, ao obter unha puntuación de 84,12 puntos.

- Seleccionar a **Nuria GONZÁLEZ VIDAL, NIF ***3027****, para o **Posto 2** (Persoal investigador predoutoral en formación na área de recursos mariños. Dinámica de poboacións mariñas), por ser a persoa coa maior puntuación no proceso selectivo para o dito posto, ao obter unha puntuación de 83,20 puntos.

As persoas seleccionadas deberán aceptar o posto adxudicado no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal>), no modo previsto na base décimo sétima da convocatoria, procedéndose a continuación a realizar os trámites para a formalización dos contratos laborais de carácter temporal obxecto da convocatoria.

SEGUNDO.- No caso de non producirse nese prazo a aceptación expresa da persoa seleccionada, procederase ao chamamento da seguinte persoa candidata con maior puntuación para o posto do que se trate.

A estes efectos, establécense as seguintes **listaxes de suplentes**, de acordo coa base décimo oitava da convocatoria, cuxa vixencia coincidirá coa duración dos servizos que se van desenvolver coa contratación dos postos:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Listaxe de suplentes Posto 1. Persoal investigador predoutoral en formación na área de acuicultura. Cultivo de fitoplancto e cultivo de moluscos bivalvos. Sistemas de acuicultura en criadeiro e no medio natural.

Orde	Apelidos e nome	DNI/NIE	Puntuación Total
1	Fariñas Calviño, Miriam	***4791**	56,40
2	Conde Crespo, Tomás	***1618**	47,84

Listaxe de suplentes Posto 2. Persoal investigador predoutoral en formación na área de recursos mariños. Dinámica de poboacións mariñas.

Orde	Apelidos e nome	DNI/NIE	Puntuación Total
1	Fariñas Calviño, Miriam	***4791**	51,90
2	Conde Crespo, Tomás	***1618**	45,34

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou poderase impugnar directamente no xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

